



## ANEXO IV

### «DIARIO OFICIAL DE GALICIA» (número 114, de 16 de junio de 1992)

#### **DECRETO 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo en Galicia.**

Oso pardo ocupou amplas zonas da Galicia interior, como así se deduce de referencias históricas, citas científicas e da toponimia de lugares e poboacións.

Hoxe en día, só algúns enclaves das montañas da provincia de Lugo, que limitan coa de León, son visitados por exemplares de esta especie que, nos seus desprazamentos de carácter trófico, fan a súa aparición en territorio galego.

Aínda que a presenza de osos non é permanente, cóidase que unhas áreas das ditas montañas serían susceptibles de constituir un hábitat idóneo para a extensión espacial desta especie, que podería culminar coa reprodución e cría dos osos pardos dentro de Galicia.

Considerando que esta especie está catalogada como «en perigo de extinción» polo Real Decreto 439/1990, do 30 de marzo, cómpre a adopción de medidas urxentes que permitan elimina-los factores causais da súa actual situación.

Por isto, e de acordo co disposto no Estatuto de Autonomía para Galicia, a Lei 4/1989, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a elaboración do plan de recuperación do oso pardo.

Por estas razóns, por proposta da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous,

#### DISPONGO

##### Artigo 1.º

Apróbase o Plan de Recuperación do Oso Pardo en Galicia que figura no anexo do presente decreto.

##### Artigo 2.º

Ademais das actividades previstas no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, e no Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia, será necesario avalia-la incidencia sobre a poboación oseira das seguintes actividades dentro da zona delimitada no anexo:

- Novo trazado ou modificación de pistas e estradas.
- Liñas de transporte de enerxía eléctrica.
- Instalacións de esquí.
- Rotas de todo terreo e actividades turísticas organizadas.
- Actividades mineiras.
- Aproveitamentos hidroeléctricos.

## Artigo 3.º

Nos terreos incluídos no ámbito de aplicación do Plan de Recuperación promoverase a elaboración dun plan de ordenación dos recursos, segundo teor do disposto nos artigos do título I da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, que incluírá os aspectos de protección e xestión considerados no Plan de Recuperación do Oso Pardo.

## Artigo 4.º

4.4. Para o mellor cumprimento dos obxectivos definidos no Plan de Recuperación, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes nomeará un coordinador de entre os técnicos da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

4.2. A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cando o considere preciso e con carácter consultivo, poderá solicitar información de especialistas sobre protección do oso pardo e do seu hábitat, buscando un mellor desenvolvemento do Plan de Recuperación.

## Artigo 5.º

O réxime sancionador será o previsto na lexislación específica.

## DISPOSICION ADICIONAL

Facúltase o conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para. dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

## DISPOSICION DERRADEIRA

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

Santiago de Compostela, cinco de xuño de mil novecentos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne, Presidente.-Tomás Pérez Vidal, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes.

## ANEXO

**Plan de Recuperación do Oso Pardo en Galicia**

1. **Finalidade.**-A finalidade do Plan de Recuperación do Oso Pardo en Galicia é incrementa-lo número de exemplares ata conseguir-la formación nesta Comunidade Autónoma dun núcleo reproductor estable e favorece-la recolonización de novas áreas.

2. *Ambito de aplicación.*-O Plan de Recuperación aplicarase na totalidade da área de distribución do oso pardo en Galicia. Da mesma forma aplicarase na «área potencial» de distribución da especie na Comunidade Galega, entendendo por tal as zonas que polas súas características naturais e estado de conservación fosen susceptibles de ser ocupadas no futuro pola especie.

Os límites de ambas dúas áreas son:

Desde o Pico Surcio cara ó norte polo límite provincial entre Lugo e Asturias ata o nacemento do regueiro de Acevedo; descéndese por este ata o regueiro de Saencia, continuando ata a embocadura no río Valoura; a seguir ascéndese por este último ata o regueiro de Fial e desde o nacemento deste regueiro en liña recta ata o Pico Tesón; a seguir descéndese polo río Mazo, séguese polo río das Pontes ata o regueiro de Liñeira, onde ascendendo por el se segue cara ó suroeste polo límite da reserva de caza ata o monte Penalonga, continuando polo límite interprovincial ata o punto de partida.

3. *Duración e revisións.*-O Plan de Recuperación aplicarase integramente desde a súa entrada en vigor ata que se alcance a finalidade proposta a través dos obxectivos e actuacións proyectadas.

Os efectos derivados do carácter indefinido do plan axustaranse mediante revisións anuais dos seus obxectivos principais e secundarios.

4. *Secuencias de obxectivos e actividades.*-As propostas de actuación do plan agrúpanse en 4 grupos de actividades, independentes pero ó mesmo tempo intimamente relacionados.

Dentro de cada grupo de actividade defínense unha serie de obxectivos principais que, pola súa vez, se desenvolven nun conxunto de medidas que concretan de forma ordenada as actividades que se van realizar.

## **Actividades de conservación**

*Obxectivo 1.*-Establecer e aplicar eficazmente medidas de protección directa da especie.

1.1. Erradicar as actividades furtivas no ámbito de aplicación do plan.

1.1.1. Mellorar, cuantitativa e cualitativamente, os efectivos da gardería de Medio Ambiente no ámbito de aplicación do plan.

a) Incrementar progresivamente o número de gardas de Medio Ambiente Natural ata unha cifra media de un vigilante cada 2.500 has.

b) Facilitar a reciclaxe continua da gardería das zonas oseiras mediante cursiños de formación.

c) Dotar dos servizos de vixilancia do equipamento básico necesario para o cumprimento das súas funcións: vehículos todo terreo, emisoras, vestiario apropiado, material óptico e armamento con fins disuasorios.

1.1.2. Establecer mecanismos de coordinación entre os servizos de vixilancia do presente plan e a gardería dos sectores oseiros estremeiros doutras Comunidades Autónomas e outros axentes da autoridade con competencias sobre o medio natural.

1.1.3. Aplicar, en caso de infracción cometida dentro do ámbito do Plan de Recuperación, as sancións previstas na lexislación vixente.

1.1.4. Revisar periódicamente o baremo de indemnización en concepto de danos e perdas pola morte ilegal dalgún exemplar da especie.

1.2. Garantir o mantemento da pureza xenética do oso pardo cantábrico.

1.2.1. Sancionar coa máxima rigorosidade prevista na lexislación as iniciativas non autorizadas de introducción de osos no medio natural, así como as imprudencias no manexo e custodia de osos cativos que impliquen animais fuxidos.

*Obxectivo 2.*-Deseñar e aplicar programas e actividades que contribúan eficazmente á conservación e restauración do hábitat do oso pardo na Comunidade.

2.1. Aplicar medidas de carácter xurídico-administrativo para garanti-la conservación das áreas máis importantes como hábitat da especie.

2.1.2. Planifica-los usos no ámbito de aplicación do plan, considerando os requirimentos do oso pardo con especial atención ás áreas críticas.

2.1.3. Impulsa-la adquisición de terreos de especial importancia para a protección da especie.

2.2. Desenvolver unha xestión forestal que nos sectores oseiros tende a aumentar e conserva-la superficie dos bosques caducifolios autóctonos mantendo ou buscando un grao máximo de diversidade estrutural e específica.

2.2.1. Preservar de maneira estricta os enclaves forestais especialmente interesantes para a especie.

2.2.2. Incorporar ós plans de ordenación ou aproveitamento dos montes afectados por este Plan de Recuperación criterios de xestión que teñan en conta prioritariamente os requirimentos ecolóxicos do oso pardo.

2.2.3. Subordinar calquera tipo de aproveitamento nos montes as condicións técnicas que se fixan en canto a épocas, lugares e procedemento, de forma que non interfiran co ciclo biolóxico da especie.

2.2.4. Controla-los aproveitamentos forestais primarios nas áreas que se determinasen como críticas segundo os criterios definidos, no punto 9. 1.

2.2.5. Deseñar e implementar un plan forestal con dous obxectivos básicos:

a) Garantir unha maior cobertura arbórea nos corredores de comunicación entre núcleos poboacionais.

b) Proceder á reforestación con plantas produtoras de froitos secos de alto valor enerxético, e especial nas áreas críticas e as súas proximidades.

2.2.6. Garanti-la conservación das formacións vexetais produtoras de froitos carnosos, como arandeiras.

2.2.7. Adquirir en propiedade formacións vexetais, con especial atención ás que pola súa situación estratéxica así o recomenden.

2.2.8. Dotar de medios para a extinción de incendios forestais e as campañas de prevención destes.

2.3. Minimizar mediante a adecuación da rede de pistas os efectos do tránsito incontrolado polas zonas oseiras.

2.3.1. Regula-lo tránsito rodado reforestando con especies adecuadas tódalas pistas que non teñen utilidade evidente.

2.3.2. Establecer unha normativa de uso nas restantes pistas e, se é o caso, dispositivos que permitan o seu estricto cumprimento.

2.4. Regula-las actividades turísticas e recreativas co fin de evita-las molestias que as ditas actividades lle puidesen ocasionar á especie.

*Obxectivo 3.-*Compatibiliza-la xestión da fauna cinexética coas poboacións de osos, establecendo fórmulas que minimicen o impacto das actividades cinexéticas sobre as poboacións de oso.

3.1. Incorporar á normativa autonómica reguladora daactividade cinexética, tanto nos terreos sometidos a réxime cinexético especial como nos de aproveitamento cinexético común situados en terreos comprendidos no presente plan, criterios que teñan en conta os requirimentos ecolóxicos esenciais do oso.

3.2. Controlar por parte do persoal de gardería da administración todo tipo de actividade cinexética que se desenvolver nos sectores oseiros.

*Obxectivo 4.-*Optimiza-la política de compensación socioeconómica nas comunidades rurais dos sectores oseiros.

4.1. Establecer un sistema áxil de pagamento de indemnizacións por danos baseado no pagamento inmediato, a xusta taxación do dano e a consideración adicional do prexuízo ocasionado como unha porcentaxe da anterior.

4.2. Considera-la aplicación do mecanismo de compensacións a outras especies dos sectores oseiros cando a súa incidencia poida afectar ás poboacións de oso.

4.3. Promove-lo desenvolvemento socioeconómico das comunidades rurais afectadas polo ámbito de aplicación do presente Plan de Recuperación, utilizando as vías de financiamento autonómicas e comunitarias para apoia-las actividades que sexan beneficiosas para a conservación do oso pardo e do seu hábitat.

*Obxectivo 5.*-Prever un programa de alimentación suplementaria que garanta a dispoñibilidade de recursos tróficos, en situación de emerxencia derivada dunha mala colleita natural de froitos secos, aportando alimentos preferentemente vexetais que favorezan a acumulación de graxas.

### **Actividades de control e seguimento**

*Obxectivo 6.*-Dispoñer de información actualizada e continua sobre a evolución do núcleo poboacional de osos pardos así como dos seus factores limitantes inmediatos.

6.1. Estimar periodicamente o grao de frecuentación de osos en territorio galego mediante a utilización de índices de abundancia relativa e o seguimento dos grupos familiares das osas con cría.

6.2. Coñecer se se producen mortes de exemplares na Comunidade galega e as súas causas.

6.3. Establecer para as actividades de control e seguimento mecanismos de coordinación coa Administración central e CC.AA. afectadas.

*Obxectivo 7.*-Avaliar anualmente a eficacia das medidas adoptadas no marco do presente plan.

7.1. Avaliar anualmente a eficacia das medidas establecidas no ámbito de aplicación deste plan, referidas polo menos a indemnización de danos, fomento socioeconómico, educación e divulgación, xestión forestal e cinegética.

7.2. Coñece-lo grao de aceptación que o plan teña entere os sectores sociais afectados.

*Obxectivo 8.*-Crear un fondo de documentación que sirva de apoio á xestión e á investigación.

8.1. Localizar toda a documentación nun único centro dependente do organismo xestor do plan, facilitándose o intercambio de información con especialistas e sectores interesados.

8.2. Incluír no fondo de documentación polo menos os seguintes aspectos: legislación, bibliografía, directorios de persoal implicado na xestión e a investigación, organizacións e organismos relacionados, técnicas de manexo, datos poboacionais, fondo cartográfico, rexistro de restos e exemplares naturalizados, danos, avaliación e seguimento do plan.

### **Actividades de investigación**

*Obxectivo 9.*-Favorece-lo desenvolvemento das liñas de investigación aplicada á xestión imprescindibles para a posta en marcha do plan.

9.1. Determinar, con carácter de inventario aberto, as áreas críticas para o oso que requiten medidas particulares de conservación.

9.2. Estudiar outras liñas de investigación aplicadas que se poidan considerar para o mellor desenvolvemento do plan.

### **Actividades de educación e divulgación**

*Obxectivo 10.*-Incrementa-la sensibilidade dos distintos grupos sociais cara á problemática do oso pardo en Galicia e a necesidade da súa conservación.

10.1. Promover campañas educativas en centros escolares que contribúan á concienciación da poboación escolar.

10.2. Promover accións de concienciación destinadas á poboación en xeral.

10.3. Realizar campañas de sensibilización ambiental desañadas para desprestigiar ante a sociedade o comportamento insolidario do furtivo.

10.4. Difundi-lo Plan de Recuperación e medidas establecidas nel entre as empresas, estamento xudicial e outros organismos da Administración con previsibles actuacións en aspectos que afecten o desenvolvemento deste plan.

10.5. Promove-lo pleno coñecemento do contido do plan e os seus programas de actuación.

---

El Ministerio de Medio Ambiente agradece sus comentarios. Copyright © 2006 Ministerio de Medio Ambiente